



## PROGRAMACIÓN DE NADAL 2025-2026

### CENTRO DE VISITANTES DO PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Queremos convidar as nenas e nenos a gozar destas festas dun xeito diferente, achegando a riqueza natural e cultural da nosa contorna a través de xogos e obradoiros adaptados ás distintas idades. Animádevos a participar!.

Todas as actividades propostas son de balde, tan só están suxeitas ás seguintes condicións de participación:

- As/os nenas/os participantes terán que ir acompañados dunha persoa adulta responsable, que **deberá permanecer no lugar de realización durante a actividade. Máximo 4 participantes por adulto/a.**
- É necesaria a **inscrición previa para tres actividades.** A inscrición realizarase enviando un correo electrónico a [centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal](mailto:centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal). No correo débense indicar os seguintes datos: nome, apelidos e idades dos participantes, nome e apelidos da persoa adulta acompañante, número de teléfono e correo electrónico de contacto, actividade na que desexa participar ou preferencia de participación.
- **Poderase participar en máis dunha actividade se hai prazas dispoñibles.** Cando o número de inscricións supere o número de prazas máximas para a actividade, teranse en conta a orde de preferencia e a orde de inscrición para promover a máxima participación de nenas/os.
- **En caso de que finalmente a nena/o non poida asistir á actividade,** terase que enviar un correo a [centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal](mailto:centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal) ou comunicalo no tlf: 886218082 o día anterior á realización desta, antes das 19h, co obxecto de poder avisar á seguinte persoa en lista de espera. O feito de non facelo sen causas xustificadas suporá non poder participar na seguinte convocatoria de actividades.

#### LUGAR DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES:

Centro de visitantes do Parque Nacional . Rúa Palma, 4 Vigo



# CALENDARIO DAS ACTIVIDADES

<b>20 de decembro</b> <b>Entre as 11:00 as 13:00h</b>	<b>Obradoiro de adornos de Nadal "Faino coas túas mans"</b> Os visitantes poderán facer eles mesmos adornos de Nadal con materiais de refugallo: estrelas e bonecos de neve decorarán dun xeito diferente, sinxelo e máis sostible as nosas casas. <b>Idades recomendadas:</b> A partir de 4 anos. <b>Duración:</b> 50 minutos. <b>Nº máximo de participantes:</b> Sen límite. Nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable. <b>Realiza:</b> Guías Illas Atlánticas. <b>Sen inscrición previa.</b>
<b>21 de decembro de 12:00 a 13:30h</b>	<b>Contacontos "Os nosos mares" e xogos sobre a temática do conto</b> Curiosidade e abraio son sinónimos deste contacontos de Diego García que nos permite a exploración e coñecemento da paisaxe máis descoñecida de Galicia: os fondos mariños. Bosques de algas, animais camuflados...a vida máis alá da superficie. Posteriormente un pequeno espazo de xogo que permite o lecer posterior á narración. <b>Idades recomendadas:</b> 5-12 anos. <b>Realiza:</b> Miudiño S.Coop.Galega. <b>Nº máximo de participantes:</b> 25 nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable. <b>Entrada libre ata completar aforo.</b>
<b>23 de decembro de 11:00 a 12:30h</b>	<b>Obradoiro de móbiles mariños con cerámica fría</b> Coa axuda do equipo de guías do parque nacional, os nenos e nenas participantes aprenderán diferentes técnicas para traballar a cerámica fría. Coas súas propias mans moldearán e decorarán as figuras de organismos mariños dun móbil decorativo. <b>Idades recomendadas:</b> De 6 a 12 anos . <b>Realiza:</b> Guías Illas Atlánticas <b>Nº máximo de participantes:</b> 12 nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable (máximo 4 participantes por adulto/a). <b>Con inscrición previa.</b>
<b>29 de decembro de 12:00 a 13:00h</b>	<b>Escape room "O misterio do faro apagado"</b> Xogo de inxenio no que os participantes teñen que traballar en equipo para superar diferentes probas e resolver o misterio do faro de Sálvora. <b>Idades recomendadas:</b> De 9 a 12 anos. <b>Realiza:</b> Guías Illas Atlánticas. <b>Nº máximo de participantes:</b> 12 nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable (máximo 4 participantes por adulto/a). <b>Con inscrición previa.</b>



<p><b>3 de xaneiro de 12:00 a 13:00h</b></p>	<p><b>Contacontos “Pipo nas illas”</b>          Conto teatralizado de contido ecolóxico no que os participantes serán os protagonistas desta historia sobre a natureza.  <b>Idades recomendadas:</b> De 3 a 10 anos. <b>Realiza:</b> Corticata  <b>Nº máximo de participantes:</b> 25 nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable. <b>Entrada libre ata completar aforo.</b></p>
<p><b>4 de xaneiro de 11:30 a 13:30h</b></p>	<p><b>“Da praia ao laboratorio. Científica/o por un día!”</b>          Obradoiro científico dirixido por investigadores/as para descubrir as marabillas da ciencia.  <b>Idades recomendadas:</b> A partir de 6 anos. <b>Duración:</b> 20 minutos.  <b>Realiza:</b> Centro de Investigacións Mariñas e Universidade de Vigo.  <b>Nº máximo de participantes:</b> Acceso libre en quendas. Nenas/os acompañados dunha persoa adulta responsable.  <b>Sen inscrición previa.</b></p>
<p><b>5 de xaneiro de 11:00 a 12:00h e de 12:30 a 13:30h</b></p>	<p><b>Obradoiro de doces mariños</b>          O noso clásicos destas datas. Achégate ó centro de visitantes a decorar doces de Nadal típicos das profundidades do Parque Nacional.  <b>Idades recomendadas:</b> De 6 a 12 anos. <b>Realiza:</b> Guías Illas Atlánticas.  <b>Nº máximo de participantes:</b> 12 nenos/as acompañados dunha persoa adulta responsable (máximo 4 participantes por adulto/a).  <b>Con inscrición previa.</b></p>

## **INSCRICIÓN SÓ PARA OS OBRADOIROS PINCHANDO AQUÍ**

No correo electrónico para as inscricións, indicar:

- Nome e apelidos dos participantes.
- Idade dos participantes.
- Nome e apelidos da persoa adulta a cargo.
- Número de teléfono e correo electrónico de contacto.
- Obradoiro no que se desexa participar (en caso de querer participar en varios, indicar orde de preferencia).

**Inscricións no correo electrónico** [centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal](mailto:centrodevisitantes.iatlanticas@xunta.gal)

